

RECOMENDACIÓNS PARA FACER ACCESIBLES AS ARTES ESCÉNICAS A PERSOAS XORDAS

ABRIL 2025

Este documento foi elaborado nun Grupo de Traballo* mixto formado por persoas xordas, intérpretes de lingua de signos e o equipo do grupo Chévere, que decidiron impulsar un espazo de comunicación, intercambio de ideas e debate para mellorar as condicións de accesibilidade da comunidade xorda ás artes escénicas e á cultura. Durante os meses de febreiro, marzo e abril de 2025 desenvolvéronse unha serie de xuntanzas, que deron como resultado o seguinte documento. Conscientes de que a accesibilidade é unha cuestión que atinxe a todo o sector, achegamos estas recomendacións a administracións públicas, teatros, auditorios, casas de cultura, compañías de teatro, produtoras e xestores culturais para que as teñan en conta nas súas políticas de accesibilidade.

**Ver os nomes das persoas participantes ao final deste documento*

A. Que significa "accesibilidade" para as persoas xordas no contexto das artes escénicas e a cultura?

A accesibilidade para as persoas xordas significa eliminar as barreiras de comunicación que impiden a súa plena participación e goce da cultura. Isto implica proporcionar recursos e adaptacións que lles permitan acceder á información e aos contidos culturais en igualdade de condicións coas persoas oíntes. Estes recursos poden incluír a interpretación en lingua de signos, a subtitulación, o bucle magnético, textos adaptados, sistemas de emerxencia visuais e atención ao público accesible, tanto presencial como telefónica.

B. Por que é importante usar o termo correcto ao referirse ás persoas xordas e á súa lingua?

É fundamental utilizar a terminoloxía correcta para evitar perpetuar estereotipos e conceptos erróneos. Por exemplo, é apropiado dicir "persoa xorda" en lugar de "xordomuda," xa que as persoas xordas non son mudas. Ademais, débese referir á "lingua de signos" en lugar de "linguaxe de signos," recoñecendo que a lingua de signos é unha lingua completa con gramática e sintaxe propias, non só un conxunto de xestos. Ademais, desde o ano 2007 a lingua de signos española (LSE) e a llengua de signes catalana (LSC) son linguas cooficiais en España. Así e todo, compre saber que non todas as persoas xordas saben ou usan a lingua de signos para se comunicar.

C. Existe unha única lingua de signos universal?

Non, non existe unha única lingua de signos universal. Ao igual que as linguas faladas, as linguas de signos evolucionaron de forma natural en diferentes comunidades xordas de todo o mundo. Aínda que algúns signos e estruturas poden ser similares entre diferentes linguas de signos, as linguas de signos son distintas entre si. Por exemplo, a lingua de signos española e a lingua de signos catalana son diferentes, aínda que se utilicen no mesmo país.

D. Que é unha intérprete de lingua de signos (ILS)?

Unha intérprete de lingua de signos é unha persoa profesional competente capaz de transmitir información entre a lingua de signos e unha lingua oral, e viceversa. A interpretación en lingua de signos sempre intenta ser fidedigna á información na lingua orixinal. Aínda que as intérpretes de lingua de signos non necesitan unha cabina pechada, teñen unhas condicións de traballo que convén coñecer e respectar.

E. Lexislación máis recente.

Estatal: Real Decreto 193/2023 polo que se regulan as condicións básicas de accesibilidade e non discriminación das persoas con discapacidade para o acceso e utilización dos bens e servizos a disposición do público. Esta lei obriga e regula e está en vigor desde o 1 de xaneiro de 2025.

<https://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-2023-7417>

Cataluña: DECRET 209/2023 polo que se aproba o Código de Accesibilidade de Catalunya. Regula e desenvolve en detalle e con toda amplitude a execución do RD 193/2023, desde barreiras arquitectónicas ata accesibilidade comunicativa e cognitiva de todo tipo de produtos, servizos e actividades culturais, deportivas e de ocio (para artes escénicas ver artigo 133) <https://portaljuridic.gencat.cat/eli/es-ct/d/2023/11/28/209/cer>

Galicia: LEI 3/2024 de cultura inclusiva e accesible de Galicia. Esta lei non obriga nin regula, á espera de que se elabore o plan de accesibilidade e inclusión cultural que prevé a propia lei.

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2024/20241211/AnuncioC3B0-051224-0001_gl.html

1. RECOMENDACIÓNS PARA FACER ACCESIBLES OS TEATROS

A sinalización adecuada é crucial para informar ás persoas xordas sobre os recursos de accesibilidade dispoñibles nun espazo cultural. Isto pode incluír sinais que indiquen a presenza de bucles magnéticos, subtítulos ou intérpretes de lingua de signos. Ademais, formar ao persoal para que sexa sensible ás necesidades das persoas xordas e capaz de comunicarse eficazmente con elas, mesmo se non coñecen a lingua de signos, é esencial para crear un ambiente acolledor e inclusivo.

1.1. Contar cun Plan de Accesibilidade adaptado ao teatro

1.2. Equipo de atención ao público (billeteira, porta, acomodación)

Cando abre o teatro debe haber sempre polo menos unha persoa do equipo que saiba comunicarse en lingua de signos e con coñecementos para tratar con persoas xordocegas. É recomendable unha formación básica en lingua de signos para todo o persoal de atención ao público, polo menos un curso A1. Tamén é recomendable esta formación para o equipo técnico que atende ás compañías.

1.3. Billeteira

O espazo da billeteira debe ser amplo para ver á persoa de medio corpo e contar con boa luminosidade para facilitar a visión desde fóra e tamén con boas condicións de son para facilitar a comunicación das persoas xordas con oralidade.

1.4. Cartelería exterior coa programación do teatro

1.4.1. Incorporar ben visible a icona LSE a carón das obras e actividades que inclúan a lingua de signos.



1.4.2. Incorporar un código QR na cartelería para acceder a un vídeo signado coa programación e a sinopse de cada obra.

1.5. Información no interior do teatro

1.5.1. Facilitar folletos coa programación do teatro en lectura fácil (LF) segundo a norma UNE 153101:2018 EX <https://acortar.link/ktzVai>

1.5.2. Incorporar ben visible a icona LSE nas páxinas correspondentes a obras e actividades que inclúan a lingua de signos.

1.5.3. Incorporar un código QR para acceder a vídeos signados coa programación e a sinopse de cada obra en todo o material impreso de difusión.

1.5.4. Pantallas: incluír en todos os vídeos que se proxecten o subtítulo descrittivo segundo a norma UNE153010 <https://acortar.link/7jDxQp> e/ou incluír un vídeo signado coa información básica da programación.

1.6. Espazos interiores de uso público (acessos, aseos, sala)

1.6.1. Contar con avisos luminosos para informar do inicio da obra (ou baixar a intensidade da luz como aviso, se é posible) e con sistemas de emerxencia visuais.

1.6.2. Proxectar un vídeo signado coas recomendacións necesarias antes do inicio da obra (uso de teléfonos móbiles, fotografías, vídeos, etc.)

1.7. Espazos interiores de traballo (escenario, camarín, corredores)

Contar con avisos luminosos e sistemas de emerxencia visuais.

1.8. Ubicación do público xordo na sala

1.8.1. O decreto 193/2023 esixe reservar como mínimo o 10% das localidades para persoas con discapacidade. Para as persoas xordas débense reservar localidades que permitan seguir ao mesmo tempo a acción escénica e os dispositivos de accesibilidade (LSE en escenario ou proxectada, subtítulo, etc.). Para establecer a zona de reserva de localidades óptima é recomendable contactar con asociacións e colectivos de persoas xordas locais e ter en conta as súas indicacións para cada espazo.

1.8.2. Informar con claridade ás persoas xordas sobre o funcionamento da reserva de localidades: prazos, condicións, prezos, etc.

1.8.3. As persoas ou cans que acompañan a persoas xordocegas deben ter facilidades para acceder e ubicarse no teatro sen que supoña un sobrecoste para elas, como sinala o RD 193/2023.

1.9. Bucle magnético

Corresponde aos teatros a súa instalación para facilitar a accesibilidade ás persoas xordas con implantes cocleares e similares. É recomendable asesorarse con asociacións de persoas xordas antes da instalación do bucle magnético.

1.10. Subtitulado descritivo para persoas xordas

1.10.1. O teatro debe achegar ou contratar os recursos técnicos necesarios para o subtitulado durante a función: vídeoproxección e/ou pantalla LED modular e persoa encargada de lanzar os subtítulos, preferentemente con coñecementos LSE

1.10.2. Os subtítulos deben estar o máis integrados posible no campo visual da acción escénica e non fóra do escenario nin moi altos.

1.11. Participación/avaliación da accesibilidade

Igual que se incentiva e recolle a participación do público para avaliar o nivel de satisfacción de cada obra, é recomendable incentivar e recoller a opinión do público xordo sobre as condicións de accesibilidade tanto das obras como do propio teatro. Por exemplo, con formularios online ou en papel, incorporando no posible elementos visuais, iconas recoñecibles (sorriso, enfado, mans), etc.

2. RECOMENDACIÓNS PARA FACER ACCESIBLE A COMUNICACIÓN

2.1. Páxina web

2.1.1. O ideal é contar cunha web que cumpra as Pautas de Accesibilidade ao Contido Web (WCAG), tamén para dispositivos móbiles, para o que existen numerosos kits de accesibilidade facilmente implementables nas webs xa existentes.

2.1.2. Subtitular sempre os vídeos.

2.1.3. Incrustar vídeos signados coa información.

2.1.4. Incorporar a lectura fácil.

2.1.5. Usar moi visible a icona LSE a carón das obras/actividades que inclúan a lingua de signos.

2.1.6. Sinalar obras que non teñan recursos de accesibilidade, pero que son aptas pra persoas xordas, por exemplo obras de teatro visual. Para identificalas usar sempre iconas preferentemente visuais.

2.2. Axenda de accesibilidade

2.2.1. Informar puntualmente ás asociacións e colectivos de persoas xordas existentes no territorio, incorporando os seus datos nas axendas de comunicación.

2.2.2. Incorporar a persoas xordas nas axendas ou listas de correos.

2.3. Avaliación da accesibilidade

2.3.1. Facer consultas públicas tanto a través de web ou internet como no propio teatro sobre a calidade da accesibilidade da comunicación e como melloralala.

2.3.2. Cando as obras e actividades contén con interpretación en LSE por calquera medio, é importante incluír o nome das persoas que van signar ou da entidade que ofrece o servizo.

3. RECOMENDACIÓNS PARA FACER ACCESIBLE AS OBRAS

3.1. Elaborar un Plan de Accesibilidade para cada obra

3.2. Tradución e adaptación das obras a lingua de signos

3.2.1. Traducir e adaptar sempre as obras a lingua de signos antes da estrea.

3.2.2. A tradución e adaptación débese facer con equipos mixtos que inclúan persoas xordas, intérpretes de lingua de signos e persoal artístico da obra.

3.2.3. O equipo de tradución/adaptación a lingua de signos debe contar con tempo suficiente para facer o seu traballo, establecendo un tempo mínimo de 3 semanas para garantir a calidade necesaria.

3.2.4. É recomendable a asistencia do equipo de tradución/adaptación aos ensaios e o seguemento do proceso de creación.

3.2.5. O equipo de tradución/adaptación debe entregar á compañía o resultado do seu traballo, é dicir, todo o signado da obra, en vídeo.

3.3. Opcións para incorporar a lingua de signos

3.3.1. A máis recomendable é facela presencial e formando parte da acción escénica. É dicir, executada polo propio elenco ou con intérpretes de lingua de signos (ILSE) dentro do escenario e acompañando a acción de actores e actrices.

3.3.2. Presencial pero sen formar parte da acción escénica. É dicir, executada en directo por ILSEs situadas a un lado do escenario.

3.3.3. Non presencial, proxectando en vídeo o signado completo da obra. É recomendable que a proxección se integre o máximo posible no campo visual do escenario e cun tamaño que facilite a boa visibilidade.

3.3.4. Non presencial, usando outro tipo de dispositivos electrónicos individuais, tanto a través de vídeos signados ou subtítulo descrittivo.

3.3.5. En obras de máis dun actor/actriz é recomendable que haxa como mínimo dúas ILSEs en escena para se repartir o signado dos personaxes.

3.4. Subtitulado descrittivo para persoas xordas

3.4.1. Elaborar un guión co subtítulo descrittivo da obra segundo a norma UNE 153010 <https://acortar.link/7jDxQp>

3.4.2. Entregar o subtítulo nun soporte compatible para a súa proxección en cada teatro (as compañías ou produtoras deben ser as que entreguen os arquivos co subtítulo e máis un vídeo completo da obra).

4. PERSOAS QUE PARTICIPARON NA ELABORACIÓN DESTE DOCUMENTO

Patricia de Lorenzo

Xesús Ron

Borja Fernández

Ramón Costoya Lens

Jaime Fernández

Eduardo Pujades Baña

Miguel Carregado

Esther Olivares

Luis Blanco Maneiro

Fran Esturao González

Ana M. Senra

Cristina Fuentes

Lorena Rodríguez Canosa

Bea Noya García

Carla Méndez Trillo

Irene de Uruburo Campos

Lucía Marcos Sanz

Gema Santos Custodio

Luisa Lombardero

Paula Gándara

Irene Pazó

Chusa Pérez de Vallejo

Inda Pereda

Carolina Fernández Álvarez